


Xabier P. Docampo, *Cando petan na porta pola noite*



“O cumpremortes”

Gustaríalle poder recordar todo canto fixera o día que recibiu a primeira carta, pero xa había tantos anos que se lle escapaban moitísimos detalles. Tampouco tiña agora tanta importancia aquilo, nada do de atrás era mudable. O xa pasado iría con el para sempre, acertos e erros formaban un todo indivisible que se chamaba pasado inamovible. Debería concentrar todas as súas forzas no tempo que tiña por diante, e moito máis agora que pensaba que xa lle quedaba pouco. Aquela mañá recibira o mesmo sobre sen remitente que lle chegara tal día coma hoxe do ano pasado e mais do anterior. Era un sobre dos que se chamaban de loito, tiña unha fita negra arredor de toda a beira. Dentro unha tarxeta orlada igualmente de negro e atravesándoa toda o texto: Feliz cumpremortes! Abaixo, na esquina dereita, a data.

Era o terceiro ano que recibía esta tarxeta e ben sabía que xa non lle quedaban máis.

Todo comezara un día que chegou á casa e retirou da caixa do correo un sobre que xa lle resultou estraño, traíalle lembranzas da infancia, tanto porque era dos de loito, coma pola súa propia textura; era dos que se chamaban de tea, que tiñan efectivamente un tacto coma de tecido fino. Abriuno, e dentro en papel de loito, puido ler un texto escrito con letra ben formada, deitada cara á dereita e algo requintada nos trazos que subían e baixaban da liña, e que dicía:

Distinguido señor:

Da mesma maneira que a xente felicita os amigos cando se cumpren anos do día que naceu, eu enviolle a miña felicitación porque hoxe é o aniversario do día no que vai morrer. Pareceralle unha broma, pero podo asegurarlle que non o é. Eu sei perfectamente que vostede morrerá tal día coma hoxe (permítame que non lle diga aínda de que ano, todo chegará)...